

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5715 Orde PRE/680/2011, do 23 de marzo, pola que se derroga a Orde do 16 de setembro de 1994 pola que se ditan normas para a identificación individual dos fígados de bovinos.

Nun exercicio de consolidación, actualización e simplificación, o Consello e o Parlamento Europeo adoptaron nos últimos anos un conxunto de regulamentos e directivas que reestruturan e actualizan as normas de hixiene de todos os produtos alimenticios, incluídos os produtos de orixe animal, e explicitamente derrogan parte da lexislación europea na materia. Especial importancia tivo para estes efectos a aprobación da Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, pola que se derrogan determinadas directivas que establecen as condicións de hixiene dos produtos alimenticios e as condicións sanitarias para a produción e comercialización de determinados produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e se modifican as directivas 89/662/CEE e 92/118/CEE do Consello e a Decisión 95/408/CE do Consello.

Resulta tamén destacable a aprobación dos seguintes regulamentos: Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, o Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e o Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

No ámbito nacional, o Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios, derrogou todas as disposicións nacionais que incorporaran ao dereito español as directivas derrogadas mediante este paquete de regulamentos.

Entre as normas derrogadas atópase o Real decreto 147/1993, do 29 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas, que impuña nos puntos 32 e 52 do seu anexo, entre outras, a obrigaçión de dotar dun medio de identificación os fígados de bovinos, que, en todo momento, permitise coñecer a canal de procedencia, así como dunha marcación a fogo en que constase o número do Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos do establecemento en que se realizase o sacrificio.

Para complementar o sistema de identificación dos fígados dos bovinos, de forma que se poida determinar directamente o animal de procedencia e, con iso, a gandaría ou explotación de orixe, promulgouse a Orde do 16 de setembro de 1994 pola que se ditan normas para a identificación individual dos fígados de bovinos.

A formal vixencia desta orde non está xustificada por canto en materia de identificación de produtos alimentarios en xeral, e de carnes en particular, resultan directamente aplicables os regulamentos CE 853/2004 e 854/2004, do 29 de abril.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 16 de setembro de 1994 pola que se ditan normas para a identificación individual dos fígados de bovinos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de marzo de 2011.–O ministro da Presidencia, Ramón Jáuregui Atondo.